

*Anuncio do 29 de abril de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a publicación das puntuacións provisórias e a relación de excluídos do baremo aberto, na especialidade de conservación e restauración de materiais arqueolóxicos entre outras, polo Anuncio do 12 de marzo de 2008, pola que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, na especialidade de ruso, e no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, na especialidade de conservación e restauración de materiais arqueolóxicos (Diario Oficial de Galicia do 17 de marzo de 2008).*

Rematado o prazo para presentar a solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisórias e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta secretaría xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos>) as puntuacións provisórias e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de artes plásticas e deseño, na especialidade de conservación e restauración de materiais arqueolóxicos.

Segundo.-Publicar a relación provisória de excluídos na devandita especialidade no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións e relación de excluídos provisórias poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2008.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Causa exclusión
Alonso de Cáceres, Mariana	36037331	Non alega curso de galego
Barcia Paredes, Roberto	32678380-A	Título non idóneo
Folgueira Fariña, María Victoria	34897539-F	Non alega curso de galego
Hernández García, José	34797987-E	Título non idóneo
Íñiguez Pichel, Beatriz	33294980-L	Título non idóneo

Apelidos e nome	DNI	Causa exclusión
Lago Loureiro, José Guillermo	32781581-A	Título non idóneo
López García, María Del Pilar	22749206-K	Título non idóneo
Peña Pascual, Darío	70800976-F	Título non idóneo e non alega curso de galego
Pérez López, David	76747377-B	Título non idóneo
Regueira Rodríguez, Ana María	34887862-J	Título non idóneo
Sánchez Rego, Regina	36122846-N	Título non idóneo
Seco Lanzós, Sonia	76576925-N	Título non idóneo
Torre Castro Comba	32840829-A	Título non idóneo

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 16 de abril de 2008 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante no Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña.*

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables, serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Sergas, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderase declarar deserto o cargo directivo ofertado.